

Música, cine e libros, hoxe no Festival dos Abrazos

23.08.2011

REDACCIÓN

Santiago. O Festival dos Abrazos, que está xa na súa última semana, continúa a ofrecer a súa variada programación. Na xornada de hoxe, martes, teremos música, cinema e literatura. Así, ás 20.00 horas sairá da estatua de Rosalía de Castro na Alameda o roteiro literario con Inma López Silva e a partir das 21.15 horas, en Mazarelos haberá Curtocircuíto na Rúa: primeiro sesión co DJ Bigote MIX e ás 22.30 horas proxeccións da sección By Galicia (se chove, estas actividades trasladaranse á Praza de Abastos).

O festival prevé dous concertos do Feito a Man: ás oito do serán na Vía Sacra con Flu e a partir das 23.00 horas na Virxe da Cerca con Ricardo Parada.

O segundo dos roteiros literarios enmarcados no Festival dos Abrazos tamén sairá ás oito do serán neste caso da estatua de Rosalía de Castro da Alameda e estará guiado por Inma López Silva. O percorrido será: Ferradura, Vilar, Catedral, Acibechería, Cervantes, Cinco Rúas, Belvís, Mazarelos e Praza da Quintana. Inma, ademais de escritora, destaca como crítica e investigadora teatral, colaboradora habitual en numerosas publicacións periódicas e científicas. Actualmente é profesora na Escola Superior de Arte Dramática de Vigo.

Coa novela *Memoria de cidades sen luz*, publicada por Editorial Galaxia, obtivo o Premio Blanco Amor 2007. Posteriormente foi recoñecida co premio AELG como mellor obra de narrativa 2008 e o Arcebispo San Clemente como mellor novela en galego no ano 2008.